



Actualidade

A CEG designa ao presidente de COFER para representala no seo do Consello Galego de Industria

Enquisa de Poboación Activa

Galicia remata o ano 2012 cun total de 277.400 desempregados

Financiación

O Instituto de Crédito Oficial e Enisa abren as súas liñas de financiación para empresas

Emprendedores

AJE Ferrolterra promove o emprendemento entre estudantes de ESO, FP e Universidade

Comunicación

Dúas de cada tres empresas españolas ten presenza nas redes sociais

Axenda

Misións comerciais, feiras e actividades empresariais previstas para próximas datas

O Consello Galego de Industria e o seu valor como dinamizador da economía

O presidente de COFER foi elixido pola CEG para representar ao empresariado galego en este órgano

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, anunciaba a comezos de xaneiro a posta en marcha do Consello Galego de Industria, dando cumprimento así, a unha das premisas que figuran na Ley de Política industrial de Galicia, en vigor dende decembro de 2011.

Como parte do proceso constitutivo deste órgano, a CEG designou en días pasados a Isidro Silveira Rey, presidente de Cofer, como un dos seus tres representantes no Consello de Industria.



Nun momento de crise como o actual, a posta en marcha deste Consello Galego de Industria ten que servir de acicate para implementar novas políticas de dinamización, anovación e internacionalización das nosas empresas. Estes tres son elementos claves para a reactivación económica e a conseguinte creación de emprego.

Ainda que o Consello Galego de Industria será un órgano consultivo, os nosos representantes políticos deben outorgar ás súas propostas todo o valor que merecen.

O seu organigrama prevé a participación das Consellerías de Industria, Medio Ambiente e Medio Rural, empresarios, sindicatos, entidades locais e colexios profesionais, polo tanto, dende esta perspectiva, os estudos e propostas que dende este Consello se elaboren non poden caer en saco roto. Non se pode caer no erro de constituir un órgano deste calibre para cubrir o expediente.

Ás últimas cifras de desemprego, cun 5% máis de parados que no trimestre anterior, fan imprescindible que o Consello Galego de Industria comece a traballar na análise da realidade económica galega e na elaboración de propostas que permitan superar a situación de desequilibrio económico na que se atopa a nosa comunidade autónoma.

É imprescindible utilizar este órgano para perfilar propostas que ao tempo que permitan superar o bache da crise, consoliden un modelo económico de futuro para a nosa comunidade autónoma.

O Consello ten que contribuir a preparar o tecido industrial galego para unha nova etapa, abundando nas súas necesidades de innovación tecnolóxica; reorientando a estratexia das empresas, para abri-las novos mercados exteriores, aproveitando especialmente o potencial dos países emerxentes.

De igual modo, é fundamental traballar na adopción de medidas que favorezan o incremento da nosa competitividade.

Non podemos esquecer a necesidade urxente de promover políticas que poñan a disposición das empresas galegas as adecuadas infraestruturas físicas, tecnolóxicas e enerxéticas. Somentes así será posible garantir a necesaria competitividade do noso tecido industrial.

Ardua tarefa á que lle corresponde ao recén constituído Consello Galego de Industria, pero sen dúbida vital para a dinamización da noso tecido industrial.



Galicia remata o ano 2012 cunha taxa de paro do 21,28%

O Instituto Nacional de Estadística publicou en días pasados os resultados da súa última Enquisa de Poboación Activa, referida ao último trimestre de 2012.

O estudo non arroxa datos alentadores para a nosa comunidade autónoma. Galicia pechou o ano con 277.400 parados, o que representa un 21,28% da poboación activa, e un 5% máis que no trimestre anterior. Por provincias é A Coruña a que acumula as cifras máis altas, cun total de 114.000 desempregados, seguida de Pontevedra con 107.100. Lugo é a provincia con cifras máis baixas, con 25.900 desempregados e Ourense pechou o ano 2012 cun total de 30.300 persoas sen emprego. Os datos para Ferrol tampouco son bos. A cidade padece unha taxa de paro do 28%, a máis alta entre todas as cidades galegas.

GALICIA 277.400 parados

DESEMPREGO POR PROVINCIAS

PROVINCIA	TOTAL
A CORUÑA	114.000
LUGO	25.900
OURENSE	30.300
PONTEVEDRA	107.100

Datos procedentes do Instituto Nacional de Estadística

Enisa abre as súas liñas de financiación para empresas 2013

A Empresa Nacional de Innovación, ENISA, dependente do Ministerio de Economía e Industria, pon a disposición dos proxectos empresariais as súas liñas de financiación para 2013, que estarán dispoñibles ata o 31 de decembro. As devanditas liñas de financiación formalízanse a través de préstamos participativos e responden a tres modelos diferentes dependendo do estadio no que se atope a iniciativa empresarial obxecto de financiación: emprendedores, crecemento, expansión ou avance tecnolóxico.

22.000 millóns do Instituto de Crédito Oficial para empresas

O ICO dispón para este ano 2013 dun total de 22.000 millóns de euros para a financiación de empresas. Para este novo ano, o Instituto de Crédito Oficial fixou dúas liñas de financiación. A primeira está orientada a empresas e emprendedores que desenvolvan proxectos en España, e a segunda, diríxese a potenciar a internacionalización da empresa española.

Para a liña Empresas e Emprendedores disporanse un total de 18.000 millóns de euros, mentres para a financiación á internacionalización adícanse 4.000 millóns de euros.

O ICEX organiza unha misión de inversores a Jordania

A Secretaría de Estado de Comercio, a través de ICEX España e a Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Amman, organiza unha Misión de Inversores en dita cidade para os días 12 e 13 de marzo, enmarcada no programa de internacionalización da empresa española.

O obxectivo da misión é facilitar a identificación de oportunidades de inversión e cooperación empresarial, así como potenciais socios en Jordania. Os participantes poderán contactar directamente con empresarios da zona interesados en establecer alianzas estratéxicas e coñecer, de primeira man o marco regulatorio da inversión extranxeira que provee ao inversor de incentivos fiscais, facilita os procedementos de licencia e rexistro e outorga exencións a materias primas importadas.

Energías renovables e Medio Ambiente foron elixidos como sectores prioritarios para esta misión, que non exclúe, segundo explican dende o ICEX, calquera outro.

Jordania prevé investir en 2013 un total de 230 millóns de euros en proxectos de enerxías renovables, especialmente solar e eólica, polo que o Reino Hachemita preséntase aos empresarios deste sector como unha interesante opción para a posta en marcha de iniciativas.

Na páxina web de COFER: www.cofernet.com está dispoñible toda a información para os interesados en tomar parte nesta misión de inversores, así como o formulario de inscrición.



Emprendedores

AJE Ferrolterra busca novos emprendedores entre os alumnos de Educación Secundaria, FP e Universidade



A Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal, traballa no seu proxecto de promoción do emprendemento entre os estudantes de ESO, Formación Profesional e universitarios. Para iso ten convocada a primeira edición dos Premios Ferrolterra Emprende Xove cos que pretende difundir a cultura emprendedora e o interese polo autoemprego entre os máis novos, apoiándoos na preparación de iniciativas que leven á creación de empresas.

No mes de marzo remata o prazo para a presentación das propostas, que deben remitirse á sede de AJE Ferrolterra no Cantón de Molíns, 8 Entrechán, ou ben por mail a info@ajeferrolterra.org.

Nestes días, membros de AJE están a realizar charlas orientativas entre os estudantes dos Institutos de Ferrolterra e da Universidade para explicarlles os termos da convocatoria e falcitalles orientación respecto das liñas básicas a seguir para elaborar o seu proxecto.

Para poder participar, os alumnos teñen que estar matriculados na asignatura "Obradoiro de Iniciativa Empresarial", no caso dos estudantes de ESO, ou seren univesitarios ou estudantes de Formación Profesional de ciclos medios ou superiores.

AJE Ferrolterra entregará un premio á mellor idea emprendedora de na modalidade da ESO e un premio ao mellor proxecto empresarial de estudantes de Formación Profesional e Universidade.

Emprendedores españois en Silicon Valley

Douscentos emprendedores de toda España poderán competir neste ano por levar a súa idea de negocio ou start up a Silicon Valley, en Estados Unidos.

A iniciativa, denominada "Go to Silicon Valley" contempla unha primeira fase que se desenvolverá en diferentes cidades españolas. En A Coruña será o 13 e o 14 de Abril.

Os participantes presentarán e mellorarán as súas ideas. Un grupo de expertos encargárase de seleccionar as mellores propostas, que pasarán a unha segunda fase, a

desenvolverse en Madrid o 14 de novembro.

Un xurado composto por inversores de capital risco e bussines angels, evaluará os proxectos e encargárase de elixir aos finalistas. O gañador visitará Silicon Valley e o segundo clasificado participará na III Competición Europea de Startups. Barcelona foi a primeira cidade en albergar a fase inicial deste encontro, os pasados 26 e 27 de Xaneiro. Participaron arredor dunha vintena de emprendedores. Máis información:

www.gotosiliconvalley.org

AJE Ferrolterra, na Rede

AJE Ferrolterra iniciou neste mes unha campaña de promoción dos seus asociados a través das Redes Sociais.

A entidade ofrece ás empresas a posibilidade de converterse na "Empresa da Semana" dándose a coñecer en Internet.

Os interesados, que deben ser socios de AJE Ferrolterra, poden coñecer os detalles desta campaña de promoción contactando coa asociación por mail na dirección aje@cofernet.com, ou ben chamando ao número de teléfono:

981 33 33 22.



Comunicación

Dúas de cada tres empresas españolas teñen presenza nas Redes Sociais, pero sen unha estratexia definida

A ninguén se lle escapa a importancia que a comunicación a tódolos niveis ten acadado no ámbito da empresa. Falamos de comunicación interna e externa e falamos, por suposto da trascendencia de Internet nese proceso de comunicación.

A forza que a Rede ten adquirido non pasa desapercibida para a empresa española que, segundo os últimos estudos publicados, nun 52% aumentou o seu presuposto para comunicación en medios sociais e dixitais no ano 2012.

Unha análise elaborada por CB Consulting revela ademais que 2 de cada 3 empresas fan uso das Redes Sociais, pero ¿está claro para elas o alcance destes instrumentos de comunicación?.

Desgraciadamente, quedan aínda moitas dúbidas neste senso e os informes indican que un 18% carece dunha estratexia definida, estruturada e operativa para comunicarse a través das Redes Sociais.



Isto pon de manifestó que resta camiño por percorrer por canto o deseño de ditas estratexias revélase como algo imprescindible para unha eficaz política de comunicación empresarial.

A empresa non pode pensar nas Redes Sociais dende a perspectiva dun usuario particular. É necesario ser consciente da moita repercusión que calquera acción neste terreo pode ter, para ben ou para mal nos seus resultados, e que polo tanto deben trazarse as liñas maestras dun plan de medios

sempre atendendo ás directrices de profesionais deste sector.

A presenza en Redes Sociais permítenos potenciar a nosa imaxe de marca e coñecer e chegar mellor aos nosos clientes. Pero unha mala xestión da presenza en Internet pode ser máis contraproducente que a nosa ausencia.

Unha páxina web ou un blog corporativo sen actualizacións frecuentes ou perfís de Redes Sociais sen apenas actividade, poden dar ao traste coa nosa imaxe de marca.

Neste post poden atoparse algunhas claves para evitar erros á hora de xestionar as redes sociais da empresa
<http://www.puromarketing.com/42/14969/pecados-capitales-pymes-redes-sociales.html>

A Confederación reactiva a súa plataforma e-learning

Despois de sometela a un proceso de actualización e adaptación, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegá ten activada de novo a súa Plataforma e-learning, dende a que se imparten cursos a distancia para empresarios e directivos asociados a COFER.

A través de dita plataforma ofértanse un total de 13 cursos orientados a favorecer a mellor formación do empresario asociado á entidade.

Dende a nova plataforma formativa, impartiranse cursos de idiomas, prevención, Calidade e Medioambiente, Informática e Comunicación, Protección de Datos, Recursos Humanos e Formación, así como Márketing e Vendas.

Os interesados poderán matricularse en cursos de Inglés de nivel Avanzado, Prevención de Riscos Laborais, básico e para comercio e hostelería; xestión de calidade en hostelería e turismo, e lexislación medioambiental.

Na área de informática, ofrécense cursos de Ofimática, Excell avanzado, Outlook e Power Point.

A plataforma ofrece tamén a oportunidade de formarse en materia de protección de datos, cun curso centrado na Ley Orgánica reguladora deste apartado.

En RR.HH e Formación, ofértanse cursos de Xestión de Proxectos e habilidades directivas e finalmente, na área de Marketing e Vendas, os interesados poderán formarse no apartado de Comercio Electrónico.

Os interesados en participar nalgún destes cursos poderán facelo chamando a Cofer, no teléfono 981 33 33 22



Foron Noticia

COFER AMOSA A SÚA DECEPCIÓN POLA PERDA DO DIQUE FLOTANTE PARA NAVANTIA

O mes de xaneiro non rematou con boas novas para o sector naval de Ferrol.

A Comisión de Seguimento do Dique Flotante para Navantia reuníase o pasado día 28 e responsables da SEPI e da propia empresa traían á cidade a peor das novas: o proxecto do dique flotante para o astelleiro de Defensa non é viable. Alegaban limitacións impostas por Bruselas.

A reacción de tódolos estamentos vencellados á economías comarcal non se fixo esperar.

Cofer quixo tamén deixar constancia da súa indignación por entender que existen casos similares noutros países europeos en que con cartos de Bruselas estanse a realizar melloras de infraestruturas en astelleiros públicos.

VISITA EMPRESARIAL A NORTHSHIPPING



A Cámara de Comercio de Ferrol organiza unha visita de empresarios á feira Northshipping,

que se celebrará entre o 4 e o 7 de xuño deste ano en Oslo (Noruega).

As empresas do naval interesadas en participar poden contactar co Departamento de Promoción Internacional do ente cameral no teléfono 981 33 31 65 (ext.2) ou por mail comex@camaraferrol.org.

As bases desta convocatoria están disponibles na web www.camaraferrol.org e a información referida á propia feira Northshipping está disponible na páxina web dos organizadores

<http://messe.no/en/nor-shipping/>

O MERCADO DE RECIMIL EXIXE REFORMAS



A Asociación de Comerciantes Mercado de Recimil demanda do Concello que

atenda ao mantemento da praza de abastos, que se atopa nun serio estado de deterioro.

Segundo explica o presidente da entidade, Francisco Maceiras, as instalacións sufrían graves desperfectos que padecen tanto vendedores como clientes. Os primeiros denuncian a existencia de filtracións importantes nos seus postos, a consecuencia do mal estado do tellado do mercado, e non son poucos os clientes que sufrían caídas de consecuencias graves polo mal estado de conservación do chan.

A propia Consellería de Sanidade ten elaborado informes advertindo das graves deficiencias que padece o Mercado de Recimil.

AECOFE PROMOVE UN PROXECTO DE CROWDFUNDING PARA EMPREENDEDORES



A asociación de Empresarias da Comarca de Ferrol ven de presentar unha novidosa iniciativa orienta-

da a coñecer o interese que un determinado produto ou servizo pode despertar entre os usuarios antes de levalo ao mercado.

A iniciativa contempla a posibilidade de que os particulares interesados poidan converterse en inversores, mediante un sistema de Crowdfunding.

Todas as iniciativas serán sometidas ao parecer dos usuarios das redes sociais, polo que calquera cidadán pode presentar a súa propia idea tanto aos responsables das plataformas de Crowdfunding como nas propias Redes Sociais creadas entorno a dita plataforma.

HOSTALERÍA: CERTAME “TAPEATE FERROL”



A Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e comarcas porá en marcha

entre o 1 e o 24 de marzo, o certame “Tapeate Ferrol” que conta coa colaboración da Empresa Mixta de Turismo do Concello e que pretende a dinamización e a desestacionalización da hostelería.

No concurso poderán participar todos os establecementos de hostalería de Ferrol, que poderán elaborar tapas doces ou salgadas.

A inscrición estará aberta ata o día 20 de Febreiro e serán os clientes os que voten e elixan as 10 tapas finalistas. Será logo un xurado profesional o que designe os gañadores.

Más: www.hosteferrol.org

COFER ASINA CONVENIO CON COGAMI



Cofer asinou no mes de xaneiro un convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (GOGAMI) que permitirá que un dos participantes no Programa Integrado subvencionado pola Consellería de Traballo, que se desenvolve no centro COGAMI de Ferrol, poda realizar prácticas na sede de COFER entre o 28 de xaneiro e o 15 de Febreiro.

O obxecto deste convenio non é outro que facilitar a integración social e laboral de persoas con discapacidade.

A persoa beneficiaria deste convenio adicarase á realización de labores administrativas, atención telefónica, tesourería, etc.



Lexislación

Descargue xa o [Calendario do Contribuinte](#)

http://www.agenciatributaria.es/static_files/AEAT/Contenidos_Comunes/Diversos/Acceso_Directo/A_un_click/Calen_contri_2013_es_es.pdf

DOG

- Resolución de 4 de diciembre de 2012, de la Dirección Xeral de Promoción do Emprego, por la que se da publicidade de las ayudas concedidas al amparo de la Orden de 30 de diciembre de 2010, por la que se establecen las bases que regulan las ayudas y subvenciones para el fomento del empleo a través de los programas de cooperación en el ámbito de colaboración con los organismos de las administraciones públicas distintas de la local, universidades y entidades sin ánimo de lucro, y se procede a su convocatoria para el año 2011, en concreto contratación de agentes de empleo y unidades de apoyo ([DOG N° 2 de 3 de enero de 2013](#)).
- Resolución de 4 de diciembre de 2012, de la Dirección Xeral de Promoción do Emprego, por la que se da publicidade de las ayudas concedidas al amparo de la Orden de 30 de diciembre de 2010, por la que se establecen las bases que regulan las ayudas y subvenciones para el fomento del empleo a través de los programas de cooperación en el ámbito de colaboración con los órganos y organismos de las administraciones públicas distintas de la local, universidades y entidades sin ánimo de lucro, y se procede a su convocatoria para el año 2011, en concreto contratación de trabajadores/as desempleados/as para la realización de obras o servicios de interés general y social ([DOG N° 2 de 3 de enero de 2013](#)).
- Resolución de 26 de diciembre de 2012 por la que se publica el tipo de interés para el primer semestre de 2013 para las operaciones acogidas a diferentes convenios y programas de ayuda del Instituto Gallego de Promoción Económica ([DOG N° 2 de 3 de enero de 2013](#)).
- Resolución de 27 de diciembre de 2012 por la que se les da publicidade a las ayudas concedidas al amparo de la Orden del 8 de junio de 2012, de subvenciones a asociaciones, fundaciones y entidades culturales sin ánimo de lucro para el equipamiento y la mejora de sus locales, cofinanciadas por el Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (Feder) en el marco del programa operativo Feder Galicia 2007-2013, y se procede a su convocatoria para el año 2012 ([DOG N° 12 de 17 de enero de 2013](#)).
- Resolución de 15 de enero de 2013, de la Secretaría Xeral para el Turismo, por la que se da publicidade de las ayudas concedidas al amparo de la Resolución de 22 de mayo de 2012 por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, a actuaciones de mejora de los campamentos de turismo en Galicia, y se procede a su convocatoria para el año 2012, cofinanciadas por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional en el marco del programa operativo Feder Galicia 2007-2013, modificada por la Resolución de 23 de octubre de 2012 ([DOG N° 18 de 25 de enero de 2013](#)).
- Orden de 31 de diciembre de 2012 por la que se establecen las bases reguladoras y se procede a la convocatoria pública para la programación de acciones formativas dirigidas prioritariamente a las personas trabajadoras desempleadas en la Comunidad Autónoma de Galicia correspondiente al ejercicio de 2013 ([DOG N° 14 de 21 de enero de 2013](#)).

BOE

- Resolución de 14 de diciembre de 2012, de la Dirección General del Trabajo Autónomo, de la Economía Social y de la Responsabilidad Social de las Empresas, por la que se publica la concesión de subvenciones convocadas por Orden ESS/1743/2012, de 1 de agosto ([BOE N° 12 de 14 de enero de 2013](#)).
- Anuncio de la Autoridad Portuaria de A Coruña por el que se convoca la licitación por procedimiento abierto con variante de las obras del "Proyecto constructivo de galería para tuberías y canal de desagüe en las nuevas instalaciones portuarias de Punta Langosteira". [BOE-B-2013-798](#)
- Resolución de la Secretaría de Estado de Infraestructuras, Transporte y Vivienda, Dirección General de Ferrocarriles por la que se anuncia la licitación, por el procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación, del contrato de servicios para la redacción del "Proyecto constructivo: Acceso ferroviario al puerto exterior de Ferrol". [BOE-B-2013-799](#)
- Resolución de la Secretaría de Estado de Infraestructuras, Transporte y Vivienda, Dirección General de Ferrocarriles por la que se anuncia lalicitación, por el procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación del contrato de servicios para la redacción del "Proyecto constructivo: Acceso ferroviario al puerto exterior de Ferrol" ([BOE N° 9 de 10 de enero de 2013](#)).



Axenda

GALICIA



EXPOURENSE

MOSTRA DA OPORTUNIDADE.– Do 1 ao 3 de Febreiro

XANTAR.– 14 SALÓN GALEGO DA GASTRONOMÍA E O TURISMO.– Do 6 ao 10 de Marzo

<http://www.expourense.org>



FERIA INTERNACIONAL DE GALICIA-SILLEDA

TUREXPO GALICIA 2013.– 22 ao 24 de Febreiro

Turexpogalicia.com

CIMAG 2013.– Do 28 de Febreiro ao 2 de Marzo

Certame Internacional de Maquinaria Agrícola

www.cimag.es

RESTO DE ESPAÑA



IFEMA
Feria de Madrid

IFEMA.– Feria de Madrid

FITUR.– Salón Internacional del Turismo.– Do 30 de Febreiro ao 3 de Xaneiro

SALÓN INTERNACIONAL DE LA MODA.– Do 8 ao 10 de Febreiro

WORLD ATM CONGRESS.– Do 12 ao 14 de Febreiro

ARCO MADRID.– Feria del Arte Contemporáneo.– Do 13 ao 17 de Febreiro

AULA .– Salón Internacional del Estudiante y la Oferta Educativa.– Do 13 ao 17 de Febreiro

FORO DE POSTGRADO.– Salón de la Educación del Tercer Ciclo.– Do 14 ao 16 de Febreiro

INTERDIDAC.– Salón Internacional de Material Educativo.– Do 14 ao 16 de Febreiro

MERCEDES BENZ FASHION WEEK.– Do 18 ao 22 de Febreiro

GENERA.– Feria Internacional de la Energía y el Medio Ambiente.– Do 26 ao 28 de Febreiro

CLIMATIZACIÓN.– Salón Internacional de Aire Acondicionado, Calefacción, Ventilación y Refrigeración
Do 26 de Febreiro ao 1 de Marzo

CINEGÉTICA AND SUBARU.– Do 28 de Febreiro ao 3 de Marzo

www.ifema.es



Fira Barcelona

FIRA DE BARCELONA

COSMOBELLEZA & WELLNESS .– Do 2 ao 4 de Febreiro

Mobile World Congress.– Do 25 ao 28 de Febreiro

INFARMA.– Do 5 ao 7 de Marzo

www.firabcn.es

OUTROS EVENTOS

II JORNADAS IBEROAMERICANAS SOBRE RR.HH Y RSC. “O Obxectivo é compartir”

5, 6 y 7 de Febrero.– Facultade de CC. Do Traballo. Universidade da Coruña. Campus de Esteiro (Ferrol)

[Descargar programa](https://sites.google.com/site/jornadasrrhhyrsc/2-jornadas/programa) (<https://sites.google.com/site/jornadasrrhhyrsc/2-jornadas/programa>)

CORUÑA

XORNADA PECHE FISCAL 2012, AS NOVAS MEDIDAS ANTIFRAUDE E NOVIDADES TRIBUTARIAS PARA 2013

Organiza: CEC

6 de Febrero as 18:30 horas. Máis información 981 133 702

Participan técnicos da Axencia Tributaria

A asistencia é gratuita, previa [inscripción](http://reservas.cec.es/2013/aeat/) (<http://reservas.cec.es/2013/aeat/>)

II JORNADA DE PUERTAS ABIERTAS COACHING .– Jorge Salinas

7 Febrero. De 19:00 a 21:00. Hotel Attica21



Integran Cofer:



Asociación de Campings do Noroeste



Asociación de Comerciantes Mercado de Recimil



Asociación de Comerciantes Novo Ferrol



Asociación de Empresarios de As Pontes



Asociación de Empresarias de la Comarca de Ferrol



Asoc. Gallega de Empresarios Depuradores de Moluscos



Asociación de Empresarios Ferrolterra



Asoc. Empresarios de Hostelería de Ferrol e Comarcas



Asociación de Empresarios de Instalaciones Eléctricas



Asociación de Empresarios de Limpieza de Edificios y Locales de Ferrol, Eume y Ortegal



Asociación Prov. Empresarios Marítimos de A Coruña



Sección de Empresas Independientes



Asociación de Empresas de Formación



Asoc. de Empresas Siderometalúrgicas de A Coruña-Comarca de Ferrol



Asociación de Escuelas Infantís de Ferrolterra



Asociación de Jóvenes Empresarios Ferrolterra



Asociación de Peluqueros y Esteticistas de Ferrolterra



Asoc. Profesional de Gimnasios e Actividades Físicas de Ferrolterra



Asociación de Profesionales Inmobiliarios del Noroeste



Asoc. Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos de A Coruña



Asoc. de Tecnologías de la Información y la Comunicación de Ferrolterra



Asoc. Veterinarios de Ferrol, Eume y Ortegal

Asociación Empresarial Polígono As Lagoas

Grupo de Empresarios de As Somozas